

NOTIFICACIÓN

Expediente	2022005544
Asunto	Notificación do Decreto de aprobación do obradoiro “Música sen enrugos: musicoterapia para maiores”

A concelleira delegada da Área de Benestar Social e Patrimonio Histórico aprobou o día 16.02.2022, a resolución que transcrita literalmente di:

“Examinouse o informe proposta elaborado pola xefa de Sección de Benestar Social, Igualdade e Xuventude con data do 09.02.2022 e que literalmente di:

“ Concellería de Benestar Social organiza o obradoiro "Música sen enrugos: Musicoterapia para maiores" dentro da programación de envellecemento activo dirixido ás persoas de 65 ou máis anos, empadroadas no Concello de Ferrol.

O obxecto desta actividade é favorecer o retraso do deterioro producido pola idade, mediante intervencións terapéuticas concretas, previndo o illamento social dos maiores e aportando, mediante a música un espazo motivador no que manter e activar diversas capacidades cognitivas, físicas e emocionais, que non se ven estimuladas cando fican na casa ou que non son traballadas de non ser especificamente.

O obradoiro terá dúas quendas e só poderán participar 10 persoas en cada unha delas, e levaranse a cabo no Centro Cívico de Caranza e na Casa Solidaria.

As sesións terán lugar os días 8, 15, 22 e 29 de marzo. Cada sesión terá unha duración de hora e media.

O prazo para presentar solicitudes será dende o 18 ao 28 de febreiro, ambos os dous días incluídos.

Polo exposto, propóñolle a concelleira Área de Benestar Social e Patrimonio Histórico o seguinte acordo:

Primeiro.- Aprobación da realización do obradoiro "Música sen enrugos: musicoterapia para maiores" pola contía de 781,76 €. O gasto imputarase á partida 04001 23110 22799.

Segundo.- Aprobación do prazo de inscrición dende o 18 ao 28 de febreiro, ambos os dous incluídos.

Terceiro.- Aprobación dos seguintes requisitos mínimos de selección:

- Ter 65 ou máis anos
- Estar empadroad/a no Concello de Ferrol

Cuarto.- Publicar a presente Resolución e o modelo de inscrición no Taboleiro de Anuncios do Concello e na web municipal.”

Casa do Concello,

O secretario xeral